



O FARELO

Nº 55
Xullo de 2021
Prezo: 2 euros

XORNAL CULTURAL PARA O LECER

A Ínsua dos Poetas rendeu homenaxe a García Lorca



Páxina IX

A rúa Marcelo Macías de Ourense abrírase á circulación en agosto



Páxina X

Expourense prepara o IV Simposio Internacional sobre Termalismo



Páxina XI

A ocupación hoteleira chegou a estar preto do 88% no Arde Lucvs



Páxina XIII

A XLI Feira do Viño do Amandi será o 11 e 12 de agosto



Páxina XIII

O VII Conde de Lemos terá un selo conmemorativo emitido por Correos



Páxina XIV



A Xunta activa a plataforma dixital de núcleos rurais en estado de abandono

Páxina XII

Entrevista



Xosé Carlos Morell | Secretario Xeral da
Associação Impulsora da Casa da Lusofonía

"A Casa da Lusofonía será a primeira cuxo ámbito de acción é tamén un país socio da UE"

Páxina III

Nós, a Xente do Redor

Subscríbete en
Tlf. 988 60 70 75
Tlf. 672 435 891



Xa a Venta:
lámina de "Maite Vázquez"
de agasallo co número 4



Opinión

O Mapamundi

Por Roberto Mansilla Blanco

Un mestre ao poder

Mestre e do rural. Así é o perfil do próximo presidente peruano, Pedro Castillo. Con todo, o axustado da súa vitoria na segunda volta do pasado 6 de xuño (pouco mais de 44.000 votos por riba da súa rival Keiko Fujimori) da a entender non só a polarización política peruana, ampliada na crise institucional que vive o país desde 2016, senón tamén das dificultades de gobernabilidade que existirán para o próximo período presidencial 2021-2026.

Hai un feito histórico detrás da vitoria de Castillo, toda vez a herdeira do fujimorismo reproduza no Perú un escenario "trumpista" de posible descoñecemento dos resultados, tomando en conta que anunciou a impugnación de 200.000 votos. Pero isto non oculta o histórico resultado electoral peruano: un auténtico outsider da política, un mestre do rural, gaña unha votación para a presidencia dun país lastrado durante séculos por un racismo e clasismo institucionalizado no poder.

Detrás de Castillo hai tamén unha reivindicación dese mundo rural esquecido

fronte ao poder urbano, un factor que terá incidencia dentro do campo político das esquerdas peruanas. Castillo obtivo o 80% dos votos nos estados rurais e mais pobres do país andino. Non obstante, en Lima e outras cidades, o voto mais fragmentado terminou por equilibrar as opcións de Keiko Fujimori. Atraer ese voto da esquerda urbana e configurala dentro dun proxecto político pragmático e progresista será o verdadeiro reto de Castillo.

Por certo, Keiko tivo tamén o seu éxito: reproduciu en Perú outro estilo importado, o de Isabel Díaz Ayuso nas pasadas eleccións madrileñas. O seu lema era "Comunismo ou democracia", incluso apostando pola perspectiva dunha "venezolanización" da política peruana, vinculando a Castillo cun pouco esclarecido pasado definido polas súas simpatías co maoísta e terrorista Sendeiro Luminoso. O xeito en que Keiko logrou recortar distancias e votos co respecto a Castillo da a entender que esa estratexia foi, dalgún xeito, efectiva.

Con todo, o "terremoto Castillo" tamén chegou aos cuarteis militares. Un grupo

de militares retirados en Perú pediulle ao poder electoral non designar a Castillo como gañador, tomando en conta a axustada vantaxe e a disputa de votos de Keiko. So pena, anunciaron que non descartan malestar e unha posible intervención do estamento militar no actual e delicado



contexto político. Ruido de saíes en marcha? Con todo, xa Washington se pronunciou: declarou como "válidos e transparentes" os votos peruanos, co cal acepta como un fait accompli a vitoria do es-

querdista Castillo.

Mais alá dos estereotipos, das tensións e do contexto político local, a elección peruana ten efectos xeopolíticos a nivel hemisférico, onde a esquerda busca recompoñer pezas. Volveu ao poder en Bolivia, Arxentina e agora Perú.

O calendario electoral segue a ser importante. En Venezuela fálase de negociacións para realizar eleccións xerais en novembro. Tamén en novembro, un "orteguismo" cada vez mais ditatorial con tintes "somocistas" encamiñase a revalidar o seu poder en Nicaragua, mentres arremete policialmente contra os líderes opositores. E Chile tamén irá a eleccións presidenciais a finais de ano, cun avance significativo de opcións antisistema.

En 2022, a convulsionada Colombia das protestas e o Brasil azoutado pola pandemia onde asoma o revival do "lulismo" contra o "bolsonarismo" irán a comicios presidenciais. Como en Perú, o mapa político pode virar significativamente en América Latina a mediano prazo. Polo pronto, a lección en Lima deuna un mestre do rural que agora asómase para a presidencia do país andino.



Por Ramón Coira Luaces

0 Bierzo e outras zonas galegofalantes

O Bierzo formou parte de Galiza até que en 1833 o Goberno español decidiu separar esta rexión de Galiza. Un desgarrado máis, similar ao vasco ou catalán. O Bierzo está formado por 37 concellos nos que aínda se fala e -a pesar das trabas oficiais- inténtase manter vivo o idioma

galego. Son 37 concellos, nos que eu só estiven en Villafranca, Cacabelos e a súa capital, Ponferrada. En total son uns 130.000 habitantes. Disque un 30 % da poboación quere reintegrarse en Galiza. Do Bierzo era Frei Martín Sarmiento, un dos máis sobranceiros ilustrados galegos, e o bri-



gadier Antonio Fernández Morales, que participou no alzamento de 1868 que trouxo a I República española, e que uns anos antes foi autor dun libro de poesía en galego titulado "Ensaio poético en dialecto berciano", publicado en 1861, dous anos antes dos "Cantares Gallegos" de Rosalía de Castro. Hai uns anos fíxose unha homenaxe en Cacabelos, a súa vila natal, e alí me fun a escoitar á xente de Fala Ceibe (páreceme lembrar), ao conselleiro ou secretario de política lingüís-

tica da Xunta e a Ferrín. No entanto na zona oriental fálase o astur-leonés.

Outras comarcas limítrofes onde se falan variantes do galego son a zona asturiana do Eo-Navia, a Sanabria zamorana e as tres aldeas extremeñas do Val de Ellas. Tiven a sorte de estar en todas, menos nesta última.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com
Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – Pérez Lema – X. Glez. Mtnz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo – **CANARIAS:** Fco. Puñal
Fotografía: Dpto. Propio.
Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Sex – Ortifus (España) – Omar Pérez (Galicia) – Mauricio Parra (Colombia) – Cébula (Polonia) – J.Bosco e Fernández (Brasil) – Marlene – Pohle (Arxentina) – Guy Badeaux (Canadá).



Xornal Cultural
para o Lecer

Depósito legal: VG-14/2017

Por Roberto Mansilla Blanco

Xosé Carlos Morell | Secretario Xeral da Associação Impulsora da Casa da Lusofonia

"A Casa da Lusofonia será a primeira cuxo ámbito de acción é tamén un país socio da UE"

En marzo pasado, a Deputación de Ourense e a Associação Impulsora da Casa da Lusofonia asinaron un acordo para crear a súa sede na cidade de Ourense. Xosé Carlos Morell, empresario

e Secretario Xeral da Associação Impulsora da Casa da Lusofonia, conversou con Foro A Peneira/Novas do Eixo Atlántico sobre esta iniciativa que perfila a Galicia dentro do mundo lusófono.



Como se concibiu este proxecto da Associação Impulsora da Casa da Lusofonia en Ourense?

A reivindicación dunha Casa da Lusofonia dentro da rede de Casas do Ministerio de Asuntos Exteriores, e que estivese en Galicia, foi por exemplo solicitada en público por Xulio Ríos nun artigo publicado en 2018: <https://praza.gal/opinion/casa-da-lusofonia>. Despois houbo algunhas iniciativas no plano político que non prosperaron. Agora, a consciencia da conveniencia e o interese histórico nesta Casa non só para Galicia mas para a España

toda fai que sexa un momento determinante para conseguir unanimidade territorial e política. Nese sentido, a Deputación de Ourense deu un paso á fronte, e non só teórico, para conseguir un acordo no que a Casa da Lusofonia fose creada e situada en Galicia. A Proposición apresentada em día 30 polo Deputado Antón Gómez Reino na Comisión de Exteriores contou co consenso de todos os grupos, polo que esta vez si que sairá.

No acordo entre a Associação e a Deputación establécese a creación dunha comisión de seguimento. Cal será por tanto o papel da Deputación?

O acordo, facendo referencia à Lei reguladora das bases de réxime local, outorga á Deputación a cooperación, neste caso coa Associação, no fomento do desenvolvemento económico e social para os obxectos do acordo que foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, na sede electrónica e no portal de transparencia da Deputación.

É de suponer que por fin a Iniciativa Paz Andrade

poderá visibilizarse en toda a súa integridade?

Iso haberá que preguntalo á Xunta e aos partidos que aprobaron a Lei, que por certo lles outorga dereito específico de facelo, de pedir contas ao goberno autonómico do cumprimento da Lei Paz Andrade. Esta insírese nas competencias da Comunidade Autónoma, fundamentalmente o ensino. O despregue da participación de Galicia nas institucións internacionais debe ser tamén dentro dunhas competencias que a Constitución reserva ao Estado.

Como pode axudar a Casa da Lusofonia no posible ingreso de Galicia na CPLP?

Como dicía, a Constitución reserva ao goberno central a acción exterior. O goberno galego pode participar e xa fai no eido cultural como observador asociado no Consello da Cultura Galega, que é unha institución estatutaria, ou mesmo podería tamén ter unha posición activa nas cámaras de comercio, o Igape, etc para promover as empresas galegas. A nosa potente rede paradiplomática está a disposición para facilitar contactos e canles comerciais ás empresas galegas, directamente ou a través da administración local e autonómica.

Un escenario estratéxico de actuación é tamén China, especialmente co respecto a Macau, ex colonia portuguesa. Como pode Casa da Lusofonia achegarse ao xigante asiático como entidade de concreción de proxectos dentro do mundo lusófono?

Ese é precisamente o labor das Casas, hospedar actividades relacionadas neste caso cos países e territorios de lingua oficial portuguesa. Na Associação tomanos moi a serio o relacionamento con Macau e a China, sendo que nos constituímos polo acordo asinado en 5 de xuño na federación galega da Cámara de Comercio Portugal China, e mantivemos reunións en Lisboa para obter o apoio do Instituto Internacional Macau e da Associação da Nova Rota da Seda en Portugal.

A nivel estatal existen outras entidades como Casa de América, Casa Asia, Casa Árabe e Casa África. Establecerá a Casa da Lusofonia relación con elas?

Cada Casa ten un organigrama e planificación propias, mas hai un alto nivel de coordinación considerando que todas traballan para a mesma secretaría xeral do Ministerio. Moitos países ou áreas xeográficas son obxecto de máis

dunha Casa, como Marrocos, muito importante na política exterior do Reino da España, que estaría englobado nas dúas últimas que citas.

Temos tamén a cooperación transfronteiriza dentro da euro-rexión Galicia-Norte de Portugal. Que papel podería xogar a Casa da Lusofonia dentro dos proxectos da euro-rexión e da expresión da lusofonia como motor de relación galego-portugués?

Iso que preguntas é unha cuestión do máximo interese. A Casa da Lusofonia será a primeira cuxo ámbito de acción é tamén un país socio da UE. É neste ámbito europeo onde cómpre establecer a coordinación institucional que xa se dá na Eurorexión. Esa cooperación multilateral, internacional e paradiplomática debe ser mellorada para que o galego-portugués sexa un hub de negocios, e nese sentido na Associação mantivemos reunións coa dirección da Associação de Empresários de Portugal e tamén con representantes de política exterior dos principais partidos portugueses, PS e PSD, que foron frutíferas e cordiais, como corresponde a quen ten o gostoso deber de promover o entendemento.



Morell con Baltar, no momento de asinar o documento da sede en Ourense.

Máis información na nosa web

www.novasdoeixoatlantico.com

Opinión

Por Nemésio Barxa

Alfonso Paz-Andrade

A saga familiar dos Paz-Andrade, na sua vertente intelectual, galeguista, emprendedora, non comeza com o mais conhecido, Valentin Paz-Andrade, senón que este já bebeu no seu tío, o poeta Xoan Bautista Andrade, tanto na poesía como no amor a Galiza e introduzilo no galeguismo mais comprometido e intelectual, apresentando-o a Alfonso Daniel R. Castelao, que sentiu por ele verdadeiro aprecio e consideración (foi alcumando de “o mozo” nos primeiros tempos, depois “berbiquí” polo seu empecinamento e finalmente “imortal” por sobrevivente á guerra da Marrocos e dous atentados em Verín e Vigo), a quem Valentin considerava irmão maior. Valentin foi jurista, político, empresário, escritor, poeta, jornalista, dirigiu jornais, Académico da RAG, senador, co-fundador de Pescanova, ... sempre ao serviço de Galiza, sofreu prisão, desterro e condenas por defender Galiza ou o porto de Vigo.

E a saga seguiu com seu único filho, Alfonso. Não deveu ser fácil a juventude de Alfonso num medio familiar tão tensionado pola política e polas actividades profissionais e intelectuais do pai e de seu próprio carácter. Mas Alfonso foi digno filho de seu pai, bom estudante e socialmente comprometido, já estudante na Universidade de Compostela integrou o grupo

de estudantes que protestou publicamente contra a dura repressão exercida contra dos labregos de Mazaricos. Rematou a carreira de Direito e pronto evidenciou modos e jeitos no mundo na empresa abrindo algum local para ócio de juventude viguesa. Sua formação continuou em Inglaterra, na Universidade de Oxford, e numa intensa relação com personalidades da política, da empresa, da literatura e das ciências, especialmente desde o despacho de advogado de seu pai e da atividade que lhe exigia frequentes viagens ao estrangeiro, numa época na que a maioria do pessoal da sua geração apenas íamos mais aló de Portugal. Inevitável que um homem do intelecto, curiosidade e predisposição para a atividade criadora como ele adquirisse todo conhecimento e sabedoria própria de aqueles vultos, que adoitava tratar com toda familiaridade e habitualidade, da política e intelectualidade galegas, companheiros de seu pai, que, com este, modelaram seu sentimento de entrega a Galiza e a seu futuro; também aqueles de sona internacional e sentimentos democráticos como Salvador de Madariaga ou Osorio Tafall. Alfonso falava com soltura e elegância, além do galego e castelhano, o português e o inglês e outros idiomas (em épocas nas que ninguém aqui conhecia idiomas forâneos) que, com seus viagens a diversos

países, outorgavam-lhe uma aureola de homem de mundo, que encaixava perfeitamente com seu sentido do humor e falar pausado, expressão tranquila e seguridade em sim mesmo. E revelou-se um empresário industrial de primeiro nível em todo o que se relacionava, especialmente, com o mar.

Com apenas 30 anos, março dos 69, Alfonso fundou Ibercisa, uma empresa que é ponteira em maquinaria naval de coberta, arrastre, fondeo, pesca, oceanografia e soluções tecnológicas para todo tipo de embarcações, domiciliada em Vigo; ao ano seguinte incorporava-se á Dirección de Pescanova, constituindo para esta empresa



um pontal nas relações comerciais internacionais e na imaginativa política de criação de sociedades mistas que possibilitavam a pesca da empresa galega em águas estrangeiras. No ano 1973 conseguiu trazer a Vigo (Bouças) a World Fishing, na que havia trabalhado nos anteriores cinco anos em Londres, o evento de maior projeção internacional celebrado até a data em Vigo (chegou a trazer em duro fran-

quismo máximas autoridades soviéticas em matéria de pesca), nomeado presidente do Comité executivo posteriormente.

Alfonso esteve ligado ao nascimento e vida de vários jornais, mas sentia-se realizado, especialmente, com a Revista IP (Indústrias Pesqueras), da que ele era Diretor desde o falecimento de seu pai, quem á sua vez havia assumido a direção desde 1.942, e na que publicava mensalmente um Editorial, que deveria ser de leitura obrigada para todos, políticos e empresários, que se relacionam com o mundo da pesca.

Resultaria prolixo, e impossível, num artigo de imprensa recolher toda a vida pública de Alfonso, membro de várias associações de pesca, Zona Franca, Porto de Vigo, do Conselho da Cultura Galega, das Fundações Castelao, Neira Vilas, Luís Seoane, Galicia-Europa, Sales, etc. E que nos deixou orfos da sua sempre leal amizade, medido conselho e imaginativa opinião, há poucos dias, quando a felicidade voltava á sua vida sem nubes de injustas treboadas.

Importante e esperançador é que a saga continua nos seus filhos Valente e Sabela e que o facho segue aceso da mão de sua viúva, a irlandesa-galega (duas nações celtas) Elisabeth Taylor, fundadora e presidenta da Fundación Sales. Segue a ilusão.

Quinta do limoeiro, julho 2021.



Por Xoan Bascuas

Feliz Día Regional de Galicia

Segundo o Decreto da Xunta de Galicia, publicado no diario Oficial de Galicia, o 1 de xaneiro de 1979, a denominación institucional da celebración do 25 de xullo é o de Día Nacional de Galicia. Hai quen o chama Día da Patria, Día da Matria, Día de Galicia, Día do Apóstolo, Pero ese é o nome oficial.

En 1979 aínda non se aprobara o Estatuto, pero xa había a idea de que o noso país era merecente de símbolos nacionais, ao nivel de Euskadi e Cataluña. Así que a extinta UCD e a vella AP promoveron o cualificativo de nacional da nosa data máis relevante sen maior atranco. A tal punto que, 42 anos despois, ninguén derogou aquel decreto. Se é o caso, na publicidade institucional, a Xunta emprega indebidamente a referencia de Día de Galicia.

Manter a denominación oficial de Día

Nacional de Galicia é importante. Ao fin e ao cabo é das poucas referencias ao noso feito nacional. Con todo, mesmo hai quen argumenta que é o Día na que a nación española conmemora Galicia, velaí que ese



nacional non sexa por nós. Pero sexa como fora, aí está: Día Nacional de Galicia.

Pero, a realidade é que Galicia, distando de ser recoñecida como nación, foi perdendo peso no escenario político do Reino de

España e, en xeral, no mundo. O feito nacional non é simplemente un cancelo a usar nas redes sociais, senón a expresión da vontade dun pobo. E esta reside, a día de hoxe, no noso Parlamento e proxéctase tamén na formación do goberno da Xunta.


Galicia é a única CCAA que non intentou reformar o seu Estatuto. Un pode falar da tentativa do PSOE e o BNG no período 2006-2009, pero era inviable sen a concorrencia do PP (lembrede que fan falla 2/3 dos votos do Parlamento para levar a cabo esa medida). Tamén se pode dicir que Euskadi tampouco reformou o seu Estatuto, pero a verdade é que o intentou: o famoso plan Ibarretxe era unha proposta de reforma estatutaria que contou co visto e prace do seu parlamento, pero foi desbotado polo Congreso dos Deputados. E, con todo, na actualidade están nun proceso de debate parlamentario para reformar o seu.

Ademais de non ter trazas de reformar o Estatuto, e que tampouco se reclamaron competencias nos últimos 12 anos, que

coinciden cos sucesivos gobernos de Feijóo. Si, certo que no último ano reclamouse unha ao Congreso, pero máis forzado polas circunstancias (a AP9 como elemento de confrontación co PSOE), e que segue paralizado polo goberno de España. Ou tamén se ten aprobado un anteproxecto de lei para reclamar a competencia de tráfico, sempre e cando non moleste á Guardia Civil, claro. O caso é que somos a única comunidade autónoma que nos últimos 12 anos non viu medrar o seu teito de autogoberno. Xa que logo, a maioría parlamentaria do PP é quen nos ten rebaixado de categoría política con respecto ao resto das CCAA.

En definitiva, temos un Día Nacional, así chamado polos antecesores ideolóxicos dos que nos gobernan e que, facéndolle escasa honra ao seu traballo, celebraremos como o que somos: unha simple “región”.





25 de xullo de 2021, **DÍA DE GALICIA**
un día para celebrar todo o que somos o resto dos días.

Unha festa para enmarcar

Especial Xacobeo 2021

"Deseñamos un Xacobeo acorde á situación sen renunciar a nada, tampouco aos concertos, que son o símbolo do Ano Santo"

Alfonso Rueda Valenzuela
Vicepresidente primeiro da Xunta
e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo

Despois dos meses máis duros da pandemia o Xacobeo 21-22, o primeiro Ano Santo bianual da historia comeza o seu relanzamento que, de seguro, suporá unha oportunidade histórica para recuperar a nosa economía e o noso turismo. O motor tamén da recuperación emocional que tanto precisamos e unha venta á esperanza tralos sacrificios derivados da covid-19.

Antes da crise sanitaria pensábamos que este Ano Santo iba ser o mellor da historia e logo houbo que adaptarse ás circunstancias. A decisión do papa Francisco de ampliar o Xacobeo todo o ano 2022 devolveunos a esperanza para volver a falar do mellor da historia.

Chegamos a este punto cos deberes feitos. Aproveitamos os meses da pandemia para poñer todo en marcha e organizar o mellor dos Xacobeos posibles centrando os esforzos en apoiar ao noso sector turístico e recuperar a confianza dos viaxeiros.

Deseñamos un Xacobeo acorde á situación sen renunciar a nada, tampouco aos concertos, que son o símbolo do Ano Santo, pero con tódalas medidas de prevención ante a covid-19. Esta ampliación permitíranos, na medida do posible, recuperar o turismo nacional ata fin de ano e ao longo de 2022 recuperar o mercado internacional e cumprir as previsións de acadar os 5 millóns de visitantes, así como acoller a celebración de espectáculos de maior afluencia.

Ante estas circunstancias excepcionais, desde a Xunta estívenos traballando para demostrar que Galicia é un destino seguro. Tanto con apoio aos establecementos turísticos na adaptación aos seus negocios ás medidas anticovid como para garantir a seguridade nos albergues cun rigoroso protocolo de reapertura. Os peregrinos levaranse a mellor imaxe de Galicia ao atoparse cuns Camiños e albergues acondicionados e mellorados. Turistas e

peregrinos van ter ademais un plus de tranquilidade co seguro coronavirus que cubre os gastos ante casos de infección por covid-19 ou por alongar a súa estancia por corentena.

Tras pasar momentos tan difíciles, o Camiño é unha sorte de redención ofrecéndolle aos visitantes todo o que están a demandar nestes tempos postpandemia cun turismo tranquilo ao aire libre para descubrir o noso rico patrimonio e desfrutar da natureza. Todo o que buscamos e botábamos de menos e que converte o Camiño nunha experiencia segura e sostible.

O Xacobeo é unha oportunidade única para Galicia e un incentivo para toda España, polo seu impacto económico nos concellos e comunidades que atravesan as distintas rutas. O Camiño é o maior reclamo turístico da comunidade e o primeiro itinerario cultural europeo e o Ano Santo un fenómeno universal recoñecido a nivel internacional, que traspasa fronteiras e nos coloca no mapa.

Galicia é unha terra de acollida e os galegos uns bos anfitrións. Estamos desexando recibir cos brazos abertos nun destino seguro



a turistas e peregrinos e invitámoslos a que veñan a desfrutar do Ano Santo.

Unidos seguiremos neste bo camiño porque este Xacobeo único chega no mellor momento para resarcirnos dun ano e medio tan complicado. Supón o revulsivo ao sector turístico e o revulsivo

para camiñar cara a súa reactivación.

Todos os que nos visiten comprobarán que vivimos no mellor lugar do mundo, e ademais de repetir a experiencia, serán os nosos mellores embaixadores.

A Deputación de Pontevedra insta a Feijóo a unha maior coordinación con Portugal na preservación e promoción do Camiño Portugués pola Costa

A presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, vén de dirixir unha carta ao presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, na que lle traslada o malestar dos alcaldes e alcaldesas da Guarda, Antonio Lomba; de Oia, Cristina Correa; O Rosal, Ánxela Fernández e Baiona, Carlos Gómez, polos problemas que se están a producir respecto da coordinación da promoción do Camiño Portugués pola Costa entre Galicia e Portugal e esixe "unha inmediatea solución". "Estando xa no bienio Xacobeo 2021-2022 non nos po-

demos permitir perdas de calidade ou prestixio nos itinerarios que levan a Santiago", sinala na misiva Carmela Silva, que lembra que este itinerario está recoñecido desde 2016 e que "as relacións de cooperación e coordinación con Portugal son asunto que compete directamente á Xunta de Galicia".

As queixas das que se fai eco a Deputación xa foron trasladadas polos rexedores e rexedoras municipais destes concellos á Sociedade de Xestión do Xacobeo. Dunha banda, os alcaldes e alcaldesas manifestaron o seu ma-

lestar polo irregular funcionamento do ferri entre Caminha e A Guarda, que a principios deste mes de xullo seguía sen estar en servizo e que durante os períodos nos que opera "caracterízase por horarios irregulares". A alternativa a esta liña marítima son os "taximar", unhas pequenas embarcacións que xestiona a Cámara Municipal de Caminha e que segundo as testemuñas das persoas usuarias, nin sequera teñen unha tarifa estable "senón que depende do número de persoas a bordo en cada viaxe".

Doutra banda, denuncian "a

desinformación" que se está a producir en Portugal con respecto ao trazado oficial do Camiño pola Costa. Neste senso, apuntan que aínda que está claro que o Camiño oficial é o que une Caminha con A Guarda por vía marítima, "se están a promover desde o país veciño alternativas que nada teñen que ver", como cruzar o Miño desde Vilanova de Cerveira ata Goián, ou continuar ata Valença para enlazar alí co Camiño Portugués. Estes "desvíos" promóvense con folletos, webs e publicacións que "alteran o verdadeiro espírito co que naceu o Camiño Portugués

pola Costa". "Resulta difícil –engade Carmela Silva na súa carta– imaxinar que rodeos deste tipo se puideran propoñer para o Camiño Francés na súa entrada a Galicia".

A presidenta da Deputación de Pontevedra reclama por elo a Feijóo que dirixa ou canalice "as actuacións pertinentes" para a correcta coordinación coas autoridades portuguesas implicadas, "e garantir así a correcta preservación e promoción do Camiño Portugués pola Costa, itinerario xacobeo senlleiro e do máximo interese para a promoción turística desta provincia".

A reactivación do Camiño no Xacobeo 2021: recuperar non só o número senón a diversidade dos peregrinos

María Dolores Riveiro
Directora do Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA)
Universidade de Santiago de Compostela

O Camiño de Santiago, como fenómeno global que é, non escapou aos efectos dunha pandemia mundial, cuxo alcance, duración e profundidade aínda se descoñecen. Pero a COVID-19 non só afectou ao número senón ao perfil dos que peregrinaron no 2020.

A partir dos resultados dun estudo sobre os efectos da COVID-19 para o perfil dos peregrinos, financiado pola Cátedra do Camiño de Santiago e das Peregrinacións, observamos que o ano pasado se perdeu unha gran parte da diversidade de peregrinos que facían o camiño. A pandemia, e as medidas para combatela afectaron ás variables socio-demográficas, psicográficas e ás carac-

terísticas da viaxe que determinan os perfís.

Os efectos son múltiples e complexos, pero a explicación da "homoxeneización" do perfil dos peregrinos observada, en comparación á caracterización que tiñamos identificada en anos anteriores, podemos centrala nunhas cantas variables: caeu a porcentaxe dos peregrinos que inician o Camiño sos e a dos que fan longos percorridos, e baixou sensiblemente a súa idade media. Ademais, aínda que case a totalidade dos que fan o Camiño se autoperceben como peregrinos, diminuíu a porcentaxe dos que o fan por "motivación relixiosa" ou de carácter "espiritual" ou de "experiencia persoal" e aumentou o daqueles cuxa motivación é máis de tipo "lúdico".

O efecto para o perfil contribúe a explicar que as consecuencias da pandemia fosen diferentes para os diferentes Camiños, sendo o Portugués o máis afectado. A re-

lativa maior presenza de estranxeiros de países afastados neste Camiño achega parte da explicación, pero seguramente tamén inflúe o feito de que atravesados países, con esixencias e medidas diferentes, respondendo a realidades sanitarias diferentes.

Segundo a enquisa realizada, aínda que maioritariamente os peregrinos avaliaron positivamente as medidas adoptadas e se sentiron seguros desde o punto de vista sanitario, un 27% considerou que a información non foi axeitada ou suficiente.

É preciso contar con información clara. Non basta con tomar boas medidas, ten que ser coñecido que se tomaron, saber cales son en cada momento en cada lugar; e sábelo coa antelación suficiente e polas canles axeitadas. Unha novidade observada na enquisa do ano pasado é a relevancia da información en redes para a toma de decisións.

En canto as circunstancias o



permitan, o fluxo de peregrinos vaise recuperar, xa se está a recuperar. O elevado nivel de satisfacción dos peregrinos é a mellor garantía de que será así. Dos que fixeron a peregrinación o ano pasado, en plena pandemia, o 95% recomendaría facer o Camiño. Pero, cando se recupere o fluxo, recuperaranse tamén os perfís "perdidos"? Ademais da mellora nas condicións sanitarias e, conse-

cientemente, nas limitacións á proximidade social e aos desprazamentos, a accesibilidade con antelación suficiente á información precisa contribuirá notablemente a que volvan a tomar a decisión de facer o Camiño persoas, con orixe próxima ou moi afastada, que queren ter a vivencia persoal de facer un longo Camiño, que inician soas, pero no que buscan encontrarse con outros camiñantes.

MIRANDA
LIBRERÍA

en BUEU, onde ía ser?

www.libreriamiranda.gal

café-karaoke

rias baixas 2

Rúa Eulogio Gómez
Franqueira, 55.
Tfno. 988 21 80 09
OURENSE

Comidas 24 horas
Ampla terraza exterior
NOVAS
Todo tipo de prensa
Wi-Fi
Zona wifi

Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·
 · ACCIÓNS DO BANCO POPULAR ·
 Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA
 Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
 Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña

Galicia

Por Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero

Matria

En moitas ocasións as palabras non dan expresado o sentir que levamos dentro, buscamos e buscamos e non damos coa expresión exacta ou aquela que daría a claridade de entendementos respecto do pretendido. Sería ben apoiarse en certos esteos que a lingua ten, pero resultan algo irreverentes e nin sequera son quen de dar resposta ao tamaño do enfado ou da compracencia que haberíamos comunicar. Moitas veces é moi complicado, ben sei, aínda no esforzo, nin facendo malabares xogos somos quen de expresar esa capacidade de amar que dan uns ollos que se miran, unha mans que se collen. Resultan as verbas incompetentes para a expresión de afectos. Noutros casos, sen ser o amor senón a ira que sentimos canto nos ningunean, cando nos evitan, cando nos sinalan sen culpa, cando non é que pasen de nós, é que pasan por riba de nós, asoballando. E iso faise moito máis evidente, cando quen o fai son mesmo irmáns, compañeiros no outrora da batalla.

Pois iso, o meu cabreo. Acabo de ler nun xornal de papel como este, pero máis debido ao beneficio, que O País Vasco e Cataluña reclaman ser nacións, diante da administración central do estado. Cousa que me parece moi ben se non fose polo moito que obvian, precisamente o que o obvian eles, na súa ególatra secuencia de presenza exclusiva e protagonismo endémico. Precisamente polo esquecemento, comprendo intencionado, dos que falan e botan a lingua a pacer en beneficio propio.

A min, chegados aquí, empézame a inchar a vea do sangue con estas negligencias interesadísimas. Non é a primeira vez que sucede, sei que non será a última nin derradeira. Cousas veredes, amigo Sancho!

Todo empezaba cos indultos do "procés" e o novo acomodamento institucional, o novo marco de relacións, o reparto dos fondos europeos -este é, aquí está o quid da cuestión- segundo as necesidades, ritmos de urxente consideración, gradalización de metas e avances, liberdades e vontades de independencia, autoxestión, tratados bilaterais do estado coas comunidades, listóns de alturas variables segundo o recoñecemento que se lles dea a cada quen. Eu penso que a nós téñennos de menos.

E aí entramos, silandeiros e contendo a respiración, o xenio, o vinagre! Entramos cando entramos, cando non, quedamos a velas vir! A solución para o País Vasco consiste en ser considerados, eles todos xuntos con Cataluña, como nacións. Ou o que é o mesmo, garantir cartos e consideracións de autogoberno. Pensan, e pode ser certo, que a solución dos conflitos é económica, de respecto e de diálogo en termos de igualdade.

A min o que máis me molesta é que pensen, que os demais xa traballarán o seu. Eu ben sei que non está ben visto que eu critique isto das nacións no estado, semella que coma peixe parvo, pico nun anzol que me poñen para crear tensións internas, antes aínda que eles acaden as

súas cuestións de orgullo patrio e beneficio económico, tamén de consideración culminada en garantías de solvencia. Pero eu non quero calar, xa estou ata os pínfanos de que me exclúan, como pobo e nación tamén. Pero outra nación, evidentemente, que quere ser quen é, que quere abrirse paso sen que a gobernen con tentáculos alleos, que pide equidade na xustiza (que non é) e non aquela que nos deron. Queremos unha consideración de propiedade, onde o Galego, en "igualdade", sexa tamén de debido e obrigado cumprimento e coñecemento, na expansiva recuperación de respecto, harmonía e recoñecemento. E non como agora, partícipe tan só desa liturxia de galería, desa imprudente forma de submisión. É dicir unha forma de trato bilateral a través de comisións designadas para tal efecto, onde nos tratemos de cara a cara. Sen asegundarnos ninguén, nin sequera as outras nacións, esas que agora non ven.

Eu aquí, chegado a este punto, estou contendo xa os pecados e blasfemias. Din que é a verdadeira vertebración do territorio dunha realidade que chaman España (que non está moi definida pois cabalga eufemismos que xa coñecemos todos, de nacionalidades históricas que concomitan con comunidades autónomas e comunidades -poñamos- de montes, parcelarias dun espazo que non ten en conta a historia nin o desexo de ser que somos). Nós queremos que nos traten como é debido, como o que somos. Somos nación por moitas razóns, tamén de nacemento. Que non segan a abaxarnos, esquecendo, deixando atrás, como veñen facendo e é tan notorio.

Ben sei que non temos políticos que saiban navegar estas augas. Pero alguén ten que armarse de orgullo e xenio para defenderse e defendernos. Mesmo temos un día para sermos nación e m/patria. E vén aí. Celebrarémolo por parroquias, como os outros 364 días do ano, de cada ano, de toda a vida. Mal que lles pese e no orgullo de ser quen somos!



Humor

MARTIRENA



Un aturuxo no día de Galicia

Galicia, é o país dos mil ríos e das mil patrias, é un sentimento aberto ao mundo, é un anaco de Cuba ou de Bós Aires, de Venezuela ou de Portugal, de Suíza ou do Xapón. Galicia é tamén a raíña das matrias, de todas as matrias, das que te choran de preto, das que devenen por ti dende lonxe.

Galicia, é nai percurando alento, asoballada por escuros intereses alleos e agoiros dos teus fillos, moitas veces dominados polo xugo imposto por gobernos cegos de sentires e cheos de cobizas inxustificadas.

Mais hoxe no teu día mereces boas novas; onte pola noite un alecrín dourado contoume que en nada virán uns gobernantes marabillosos que te coidarán, con-

servarán as túas fragas e os teus montes. Non haberá plantacións de eucaliptos nin eólicos xigantes a treu, plantaranse as nosas fragas con castiñeiros e os ermos con cerdeiras e nogueiras. Para adorar a beleza do teu verde sementarán roseiras á veira dos camiños, e nas aldeas maceiras, pereiras, figueiras... adobiaranse todas con ramiños de sabugueiros onde aniñarán os paporrubios, os merlos e os gaios. Os mozos vivirán no rural porque terán internet de última xeración, e daranlle pulos ós que mandan exixindo comercio xusto e de cercanía, ninguén emigrará se non quere, todos xuntos faremos de cada hora un vinte e cinco de xullo.

Nas vilas e nas cidades a cultura é o primeiro interese, os rapaces coñecen moitas

linguas, mais falan galego, a súa propia, porque se senten fachendosos do seu, as escolas compiten por ensinar na fala propia, e todos a unha escoitan cantigas e poemas dos teus músicos e dos teus poetas.

Ningún científico ten que saír do noso país, as universidades teñen moitos fondos dos gobernos, que de calquera cor que sexan, poñen sempre en primeiro lugar o ensino. Os estudantes fan prácticas nas empresas e despois xa se quedan alí a traballar; so se van aqueles que queren viaxar para estender polo mundo a nosa maneira de entender a vida e que vexan fora o ben que facemos as cousas nesta terra que sufrira tanto noutros tempos.

Hoxe a mañá volvíñ ao monte para escoitar de novo o alecrín, cheiraba a fume e no chan ardían fentos e uces, os fentos chorando dicían entre bágoas:

"Galicia nai que grande país serías, se

os teus fillos te defendesen!"

Mais o carballo grande da ribada cantou con esperanza;

"Vanme saíndo polas do fondo do corazón enxerto de carballo son. Noutro carballo mellor!"

Ergo a mirada ao ceo como olla un reiseñor, sen perder a esperanza dunha terra mellor."

Eu, mirando ao ceo soñei con esa Galicia onde o meu neto medra ata facerse grande coma un carballo e do peito saíume un aturuxo!



Por Avelino Jácome

A Ínsua dos Poetas rendeu homenaxe a García Lorca polos seis poemas escritos en galego

A XIII Edición da Festa da Palabra foi unha homenaxe a Federico García Lorca coincidindo con 85 aniversario do seu pasamento. Celebrouse na localidade ourensá de A Esgueva-Madarnás, Concello do Carballiño. Luís González Tosar, presidente da Fundación Ínsua dos Poetas, destacou do escritor granadino que “soubo gañarse a simpatía da xente a través da súa alma” e posteriormente leu o discurso enviado por Xesús Alonso Montero en relación a obra de Lorca. O presidente da Fundación adiantou que “a seguinte Festa da Palabra estará adicada ao Grupo Braís Pinto, un conxunto de intelectuais galeguistas que en 1958 uníronse en Madrid a prol do galego e da renovación da cultura galega ao redor da figura de Xosé Ramón Fernández Oxea (Ben Cho Shey). Todos eles merecen estar na memoria de Galicia e moi presentes no futuro da nosa cultura”.

O acto incluíu tamén a inauguración da escultura de Soledad Penalta, que simboliza o fondo sentimento e a gran altura literaria de Federico García Lorca. A actuación de Teo Cardalda pechou a XIII Festa da

Palabra, adicada este ano a Lorca polos seus seis poemas escritos en galego.

Intervencións

Román Rodríguez, conselleiro de Cultura, destacou a importancia desta celebración á que se referiu como “unha cita clave no calendario cultural galego que reivindica os fitos máis salientables da nosa literatura”. “O esforzo feito por parte dos impulsores deste recoñecemento como polos galardoados na edición deste ano merece todos os eloxios por potenciar o valor de Galicia e da nosa identidade común”, afirmou.

En relación a Federico García Lorca, os representantes da Xunta de Galicia fixeron un chamamento para fixarse no seu legado para “afondar na pegada universal da nosa lingua”. “Lorca é unha icona atemporal do teatro, a poesía e incluso da música do noso país”, afirmaron antes de referirse a el como “un xenio que se namorou de Galicia desde a súa primeira visita e que quedou fascinado pola nosa identidade, cultura e lingua”.

Pola súa banda, o conselleiro do Medio Rural, José González, destacou a figura de Federico García Lorca e lembrou que coma

el, son moitos os namorados desta terra, e precisamente “nel recóllese a importancia do noso rural, da Galicia máis profunda”.

Nese sentido, José González lembrou a aposta da Xunta polo noso agro, que se reflicte con accións como as recollidas na Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, “unha aposta integral, con fundamento, rigor e responsabilidade, para frear e reverter o abandono da terra”.

O titular do Medio Rural resaltou a relevancia dunha homenaxe coma esta, xa que honrar a estes homes e lembrar o seu legado é tamén recoñecer a sorte de contar cunha fonte de inspiración representada a través do rural, asegurou José González.

Premiados

Os galardóns deste ano recaeron en Yolanda Castaño, no eido da Literatura; en José Manuel Vidal Souto, ao que se recoñeceu de xeito póstumo polo seu labor nas Artes Plásticas; no Orfeón do Carballiño, no campo da Música, e en Maribel Outeiriño polo seu traballo en Comunicación. Ademais,

tamén se recoñeceu a Marisol Novoa na categoría de Emprendemento, á Fundación Amaranta-Ourense pola Iniciativa Social que desempeña e a Diego Martínez Duro, da Arxentina, no campo de Cultura en emigración.



Público asistente ao acto en homenaxe a Federico García Lorca.



Maribel Outeiriño recibindo o premio.

Restaurante
El Coto

galicia
calidade

www.restaurantecoto.es

988 240 121 Rúa Reza, 11 Ourense

PINCHOS
Brochetas
TOSTAS
Raciones
Ensaladas
Comidas para levar

MariaTapas Bar

Rúa Unión 1
651 853 881

CASCO HISTÓRICO
OURENSE

Taberna **Enxebre**

607 085 027 Lepanto, 14 bajo Ourense

Bar
FUENTEFRÍA

Afumados
Carnes
Clásicos
Queixos
Ensaladas

Rúa Viriato, 6
OURENSE

A rúa Marcelo Macías abrírase á circulación en agosto

A Xunta está a investir 1,7 millóns de euros no acondicionamento dun treito de 1,3 quilómetros da estrada autonómica OU-540 que coincide coa rúa Marcelo Macías.

Os traballos de renovación completa da capa de rodadura do firme obrigaron ao corte total do tráfico durante una semana. A renovación do firme partiu da rúa Progreso e abríronse ao tráfico a final de cada día os treitos que se foron executando. As obras iniciáronse coa rehabilitación das deficiencias puntuais do firme, afondando nos traballos máis abaixo da capa de rodaxe, para continuar de seguido cunha capa completa en toda a súa extensión.

Unha vez asegurada a estabilidade do firme, iniciáronse os traballos de pintado de marcas viais, que se as condicións meteorolóxicas o permiten, comezará o 12 de xullo. As obras completas consisten na renovación e mellora



As obras na ponte sobre os ríos Barbaña e Barbañica.

do pavimento, os sinais, as beirarrúas ou os pasos de peóns, así como as redes de abastecemento e de saneamento e o alumeadado público. A actuación inclúe, ademais, traballos de mantemento e conservación no viaduto sobre o río Barbaña e o reforzo da seguridade viaria da rúa, cun total de sete pasos de peóns elevados coa fin de reducir a velocidade dos vehículos e protexer

aos viandantes.

Na actualidade están en fase de traballos finais a renovación de servizos urbanos de saneamento, abastecemento, iluminación, na que se están colocando as luminarias ornamentais da ponte sobre o río Barbaña.

As últimas semanas de obras servirán para repaso de traballos puntuais de beirarrúas, arquetas, posta a cota de sumidoiros.

Ciclo de contacontos en agosto na Carballeira



Sarabela Teatro.

O Concello de Ourense fomentará a lectura entre a cativada a través dun ciclo de contacontos que se desenvolverá este verán nas bibliotecas municipais. Organizado en colaboración co programa "Ler conta moito", que desenvolve a Xunta, será protagonizado por artistas e compañías da cidade, como Sabela Gago, A Run Run, Iván Davila, Sarabela e Trécola, que representarán o seu espectáculo en A Carballeira.

O aforo é limitado e os nenos e as nenas deberán inscribirse previamente nas propias biblio-

otecas ou por teléfono, e respectar todas as medidas de prevención da COVID.

Biblioteca pública municipal A Carballeira. Praza Sagrado Corazón s/n - 988253893. Día 6 de agosto, 11:00 horas, "Aquelando as nosas letras con Xela", con A Run Run. Día 20 de agosto, 11:00 horas "Isto non é unha caixa", por Sarabela Teatro. Día 31 de agosto, ás 11:00 horas, "O león azul", por Trécola Teatro.

As bibliotecas do Concello funcionan actualmente segundo a normativa COVID, cun horario de atención ao público de luns a venres de 9 a 14 horas.



Café bar
TERRANOSA

Almorzos
Empanadillas
Mini hamburguesas
Nova terraza

Rúa Marcelo Macías, 49
Tfno 988 06 13 37
OURENSE



Torremolinos

Café Bar Torremolinos

Rúa Marcelo Macías, 35. Teléfono 988 231 107 OURENSE

Establecemento seguro
Certificado desinfección
www.saneacontrol.com



café prifer

Rúa Marcelo Macías 56
O U R E N S E



Muebles Dona Antonia
TODO TIPO DE MUEBLES A MEDIDA

Rúa Marcelo Macías, 57. OURENSE
www.mueblesdonaantonia.com
info@mueblesdonaantonia.com
Tfnos. 692 694 266
00351 933 755 384

Expourense prepara o IV Simposio Internacional sobre Termalismo

Expourense pon en marcha as accións profesionais que vai desenvolver o próximo mes de setembro co obxectivo de reunir á comunidade termal internacional ao redor da marca Termatalia e seguir sendo posicionando a Ourense e a Galicia como centro de capacitación profesional internacional en materia de termalismo.

Termatalia é unha cita que reúne en cada edición a profesionais de máis de 30 países e desde Expourense decidiuse o aprazamento da feira como tal ata 2022 para poder garantir entón a presenza masiva de profesionais. Aínda que non se celebre en formato feira, si que se organizarán unha serie de actividades destinadas a fomentar o coñecemento e o negocio no sector do turismo de saúde e que están previstas para os días 16 e 17 de setembro realizándose en formato híbrido entre presencial (desde Expourense) e virtual (desde calquera parte do Mundo). Unha vintena de expertos de España e de Portugal propoñen os distintos temas a analizar no mes de setembro mostrando o seu total apoio e manifestando a súa satisfacción pola posta en marcha de accións que volvan reunir aos profesionais do sector ao redor de Termatalia

Accións profesionais

As principais accións profesionais organizadas baixo a marca



O 7 de xullo de 2016 asinouse o convenio de colaboración entre Expourense e Universidade de Vigo para o Campus da Auga.

Termatalia son o 2º Congreso Internacional sobre Auga e Saúde que analizará, e o do Workshop Internacional en Turismo de Saúde e Benestar. No referente ao coñecemento, o 2º Congreso Internacional sobre Auga e Saúde analizará, entre outros temas, o papel do termalismo na recuperación (respiratoria, músculo-esqueléticas e psíquicas) dos pacientes COVID e presentará tamén experiencias internacionais contando coa colaboración da Asociación Europea de Cidades Históricas con Patrimonio Termal (EHTTA), presidida pola Deputación de Ourense.

Este evento verase reforzado coa celebración, de forma complementaria, do IV Simposio Internacional sobre Termalismo e Calidade de Vida, que organiza o Campus da Auga da Universidade de Vigo, e que convocará

á comunidade científica e investigadora internacional. Tamén se organizarán unha serie de cursos de capacitación profesional sobre temas moi específicos relacionados co termalismo.

No relacionado co negocio, poñerase en marcha unha nova edición do Workshop Internacional en Turismo de Saúde e Benestar no participarán distintos operadores de turismo especializados en termalismo e wellness que manterán citas de negocio cos destinos que decidan participar neste encontro. Tamén se celebrará unha nova edición, a 18ª da Cata Internacional de Augas que se converteu nun referente internacional para as marcas envasadoras de auga mineral e que o sector demandaba despois da última edición celebrada en 2019.

O Plan de Arquitectura Pedagóxica favorece ao CPI Terrón Mendaña



O delegado da Xunta coa alcaldesa e a directora do centro.

AXunta realizará melloras no CPI Tomás Terrón Mendaña, no Concello de Carballeda de Valdeorras, e a incorporación de lavabos para os máis cativos na planta baixa que acometerá durante o período estival. Esta actuación ven a completar a xa iniciada o pasado ano nos aseos da aula de educación infantil, na que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade investiu máis de 20.000 euros.

Gabriel Alén, delegado territorial da Xunta, subliñou que “deste xeito a Xunta de Galicia cumpre cos desexos das familias dos nenos escolarizados e coa demanda do Concello, pois estamos a dotar -engadiu o delegado territorial- a este centro escolar de melloras permanentes que conflúen na calidade da ensinanza dos alumnos e alumnas do concello”.

Estas obras enmárcanse dentro do Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica que rexerá para as infraestruturas educativas nos próximos anos, no que atinxe ao enfoque educativo que terán a partir de agora os distintos espazos dentro dos colexios e institutos.

Gabriel Alén sinalou que as

novas construcións e reformas deben de ser espazos adaptados ás novas necesidades educativas, sanitarias e tecnolóxicas. Isto é, “que reforcemos un novo modelo de colexios e institutos na etapa post covid onde a arquitectura teña unha orientación educativa, con espazos flexibles, adaptados a todas as circunstancias, ben equipados e que resulten cómodos” manifestou.

Neste Plan prevese tamén o deseño de espazos flexibles e adaptables para fomentar as tarefas en grupo, por proxectos e colaborativas, apostando así polas novas liñas académicas onde se prime o traballo por competencias en lugar de por áreas de coñecemento illadas.

O obxectivo final, concluíu Gabriel Alén, é que Galicia “sexa pioneira nun novo modelo de escolas para o século XXI”, a través dun plan que dea valor engadido aos centros educativos, os espazos nos que os futuros cidadáns pasan “as etapas máis determinantes das súas vidas”. Para iso, subliñou, “é imprescindible poñer a arquitectura a disposición das necesidades do sistema educativo”.





Adegavella

Eirexa 14, ABELEDA.
32765 A TEIXEIRA - Ourense.
Tfms. 606807897 - 660047602
info@adegavella.com

Ribeira Sacra
Consello Regulador Denominación de Orixe





O Capricho

Servizo a domicilio

CASCO HISTÓRICO OURENSE

Rúa Lepanto, 17 - bajo - OURENSE

Tfno. 988 981 601

A Xunta activa a plataforma dixital de núcleos rurais en estado de abandono

A Xunta de Galicia acaba de activar oficialmente a súa plataforma dixital de núcleos rurais en estado de abandono, unha ferramenta novidosa prevista na Lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas para loitar contra o despoboamento e reactivar estas zonas da Comunidade.

Precisamente, a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, visitou Sober para presentar a iniciativa e animar ao resto de entidades locais galegas con núcleos rurais en situación de abandono a sumarse e seguir o exemplo de Sober, un concello “pioneiro” en canto ao uso e aproveitamento desta nova ferramenta dixital co obxectivo de atraer poboación.

Para estender esta proba piloto ao resto de Galicia, a responsable autonómica incidiu en que a Xunta necesita do apoio e da cooperación da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), dos administradores de fincas e do sector inmobiliario.

De feito, asinou un protocolo de colaboración co presidente da Fegamp, Alberto Varela, co presidente do Colexio Oficial de Administradores de Fincas de Galicia,

Martín Bermúdez de la Puente, e co presidente do Colexio de Axentes da Propiedade Inmobiliaria da Coruña, Herminio Carballido, co fin de contribuír á difusión desta nova ferramenta entre todos os seus beneficiarios potenciais.

Neste sentido, Ángeles Vázquez explicou que a plataforma está aberta á participación dos concellos, que poden incorporar información sobre as zonas e lugares en situación de abandono que hai nos seus respectivos termos municipais; aos particulares con inmobles neste tipo de núcleos, que poden aproveitala para sacar ao mercado as súas propiedades; e tamén ás persoas interesadas en mercar ou alugar inmobles nun entorno rural.

En definitiva, o obxectivo da iniciativa, indicou, é mobilizar por toda Galicia inmobles e núcleos abandonados, total ou parcialmente, para darlles unha segunda vida e atraer á xente a vivir no medio rural e rodeada de natureza, unha alternativa que a raíz da covid conta cada vez con maior aceptación e demanda.

Rehabilitación residencial

A través da rehabilitación e da posta en valor destes lugares a Xunta quere avanzar cara ao



Sober foi o concello escollido para realizar a experiencia piloto de lanzamento.

triplo obxectivo de responder ás necesidades actuais de vivenda da poboación galega, conservar o patrimonio xa construído e diminuír os impactos sobre o medio e a paisaxe.

Para logralo, a conselleira referiuse a algunha das medidas concretas postas en marcha polo seu departamento co fin de ofrecer alternativas e incentivos para vivir en núcleos rurais, como as axudas de ata 10.800 euros para comprar vivenda en concellos de menos de 5.000 habitantes dirixidas a menores de 35 anos; as subvencións a concellos para rehabilitar inmobles de titularidade municipal e destinalos a alugueiro a prezos vantaxosos; ou a orde de axudas para a rehabilitación de infravivendas.

“O fin da plataforma é a rehabilitación, o fin é a loita contra o despoboamento e o fin é poñer en valor espazos abandonados como o que hoxe visitamos en Sober”, declarou.

Neste sentido, a ferramenta dixital de núcleos rurais enmárcase nas políticas impulsadas polo Goberno galego para fixar poboación no rural e loitar contra o despoboamento, incluíndo unha fiscalidade específica, como lembrou a conselleira, con “impostos cero” para quen compre a súa residencia habitual nunha destas zonas. “Poñámolas en valor para atraer a posibles inversores e para que o rural siga sendo ese lugar vital que todos precisamos e ao que todos, nalgún momento, necesitamos volver”, concluíu.

Nosa Señora de Cadeiras



Unha imaxe da virxe preside o Santuario da Nosa Señora de Cadeiras en Sober. A construción, exemplar do barroco galego do século XVIII, destaca por ser lugar de peregrinación debido aos numerosos milagres que se lle atribúen.

Por outra banda, xunto a unha vella capela dedicada a San Mauro (San Amaro) e no lugar no que existiu un antigo castro, atópase o Miradoiro coñecido como Pena do Castelo, moi preto de Doade. Desde aquí temos unhas maravillosas vistas dos viñedos en bancais, ademais dos soutos e carballeiras que dominan a beira de Ourense na Teixeira e Castro Caldelas.



A ocupación hoteleira chegou a estar preto do 88% no Arde Lvcvs

Lara Méndez, alcaldesa de Lugo, fixo balance “moi positivo” da XX edición do Arde Lvcvs que definiu como un éxito. A festa de recreación histórica tivo lugar dende o 17 ao 20 de xuño, e “houbo xente pero non aglomeracións” sinalaba a rexedora, que tamén destacaba o bo funcionamento das actividades incluídas nunha programación 100% segura, con control de aforo, circuítos de entrada e saída ou cálculo de visitantes.

A climatoloxía non conseguiu deslucir a festa, e aínda que houbo que cambiar a ubicación dalgún acto, os asistentes acudiron de igual modo á convocatoria.

A ocupación hoteleira chegou a estar preto do 88%, porcentaxe especialmente importante nun momento de dificultades económicas derivadas pola pandemia.

A rexedora destacou o alcance social, turístico e económico incidindo que Arde Lvcvs é un dos motores imprescindibles para axudar ao desenvolvemento da cidade e para que cada vez mais xente nos coñeza e nos visite vía presencial ou vía online como nesta edición na que a través das redes sociais chegamos a preto de 500.000 persoas de España, Portugal, Bolivia, Estados Unidos, Argentina, Italia e Reino Unido...

A rexedora subliñou a implicación total do pobo de Lugo e concretamente das asociacións que recibiron máis de 2.500 asistentes por campamento, Méndez destacou que “os asistentes foron responsables respectando en todo momento as medidas de seguridade e destacar a implicación das 19 asociacións que se volcaron novamente con esta festa de recreación histórica que volveu a tinguir ás rúas de Lugo, de historia e do noso pasado” cumprindo de maneira exquisita deste xeito as expectativas do Goberno.

Outro dato que da idea da dimensión que acadou a festa foi o incremento nun 15% de toneladas



Senadores romanos de viños en Taberna Daniel.

de lixo que recolleu Urbaser das rúas da cidade dende o primeiro día.

Póla súa banda o edil de Xuventude anunciou, que tras o éxito desta edición “comezaremos a traballar na vindeira edición cas miras postas en que sexa de-

clarado Festa de Interese Turístico Internacional.

A rexedora agradeceu ás 19 asociacións participantes, a súa implicación tanto na organización das actividades que englobaron estes festexos, ao longo destes 4 días como o resto do ano.

A alcaldesa felicita ao Club Baloncesto Breogán polo seu ascenso á liga ACB

Lara Méndez, alcaldesa de Lugo, ofreceu unha recepción oficial ao Club Baloncesto Breogán para trasladarlle a todo o equipo os parabéns da cidadanía polo seu ascenso á Liga ACB. Ante os centenaes de seguidores que se achegaron á praza Maior, a rexedora, acompañada polo edil de Deportes, Mauricio Repetto e polos portavoces da Corporación Municipal, a rexedora felicitou a directivos, técnicos e xogadores e alabou o traballo realizado durante toda a tempada para acadar o salto á máxima categoría do baloncesto español.

“É un orgullo para a cidade contar cun equipo loitador como o Breogán e poder dicir que todo o esforzo realizado durante tantos meses, e nunhas circunstancias ademais tan complexas, ten agora o seu recoñecemento. Un logro que as e os lucenses recibimos con moita satisfacción, porque é a compensación a unha entrega, un labor conxunto e un sentimento que tamén nos define e nos une como



Recepción na Alcaldía de Lugo.

lucenses e que fará, ademais, que que o nome da nosa cidade resoe agora con máis forza en todo o país”, afirmou a rexedora.

Lara Méndez amosou o apoio do Concello non só ao deporte de elite, senón tamén ao de base e pediulle aos xogadores do primeiro equipo que non esquezan que eles son espello da mocidade lucense, “cando a rapazada ve a camiseta do Breogán,

tan ben defendida, o que atopan é un modelo a seguir e uns valores de superación que son os que vos permitiron camiñar toda a tempada con paso forte e decidido ata chegar á meta acadada onte”.

A modo de recordo, a alcaldesa entregou ao presidente do equipo, xogadores e corpo técnico un pin de prata da Muralla, así como un libro sobre o patrimonio bimilenario lucense.

A XLI Feira do Viño do Amandi será o 11 e 12 de agosto



La XLI Feria do Viño de Amandi contará coa participación de 24 adegas.

O Concello de Sober mantivo recentemente unha xuntanza con representantes das adegas asentadas neste municipio e inscritas na D.O. Ribeira Sacra para perfilar detalles de cara a unha nova edición da Feira Mostra do Viño de Amandi que este ano se celebrará os días 11 e 12 de agosto coincidindo coa Feira da Rosca.

O formato será aberto ao público, pero con control de acceso. Haberá venda anticipada de entradas e 5 franxas horarias en cada xornada coa asistencia dun máximo de 150 persoas en cada franxa. Poranse á venda tickets que serán canxeables nos stands por degustación de viños.

Están ultimándose os detalles da celebración que oficialmente será presentada ao público xunto co cartel anunciador obra do vialbés Eduardo Pérez Bahamonde a mediados do mes de xullo. Ese día dará comezo o Mes do Amandi, que contará con diversas actividades que terán ao viño de Amandi como protagonista.

Como en edicións anteriores, haberá cata oficial con premios aos tres mellores tintos da colleita de 2020, un premio para brancos 2020 e un premio para tintos de añadas anteriores a 2019.

Nos próximos días irán adiantándose novos detalles desta edición especial que por primeira vez se celebrará en agosto.

O VII Conde de Lemos contará cun selo conmemorativo emitido por Correos

José Tomé Roca, alcalde de Monforte, e Juan Manuel Serrano, presidente de Correos, deron a coñecer un proxecto no que ambas entidades levan traballando desde fai tempo, e que, grazas ó cal, un monfortino, o VII Conde de Lemos, Don Pedro Fernández de Castro, será protagonista dun selo histórico emitido por Correos de España. Na presentación, estiveron acompañados polo director de Estratexia de Correos, Avelino Castro, así como pola primeira tenente de alcalde do Concello, Gloria Prada, e o concelleiro de Obras, Medio Rural e Servizos, José Luís Lozada.

O alcalde fixo fincapé en que este é “un proxecto do que levo tempo falando co presidente de Correos, e é agora cando finalmente vaise a materializar, grazas á inestimable colaboración de Juan Manuel Serrano que nos acompaña. Si todo vai segundo o previsto, o selo dedicado ao VII Conde de Lemos será unha realidade a finais deste ano, aproximadamente no mes de outubro”.

O presidente de Correos sinalou que a emisión “además de poner de relieve la figura del VII Conde de Lemos, se convertirá en el mejor aliado a la hora de divulgar y promocionar el rico patrimonio de Monforte de Lemos”.

A presentación deste proxecto tivo lugar dentro do programa de actos da visita institucional que o presidente de Correos realizou a

Monforte, sendo recibido oficialmente polo alcalde e asinando no Libro de Honor do Concello. Tras unha reunión de traballo privada entre ambos mandatarios, tivo lugar roda de prensa na que deron a coñecer o proxecto sobre o selo dedicado ao VII Conde de Lemos.

Recoñecemento ó VII Conde de Lemos

Tomé Roca, explicou que “desde que son Alcalde de Monforte de Lemos, sempre tiven a vontade e a preocupación porque un monfortino como o VII Conde de Lemos protagonizara un dos selos de carácter histórico, dentro das coleccións que Correos adoita facer con este motivo”.

A intensa colaboración entre ambas entidades materializouse na concreción dun proxecto que actualmente atópase na fase de deseño do selo, a cargo do departamento de Filatelia de Correos, en coordinación cos técnicos do concello monfortino. Prevese que, unha vez ultimado o deseño do selo do VII Conde de Lemos, este poida ser dado a coñecer, previsiblemente, no mes de outubro.

Importante impacto

A tirada oficial en toda España do selo do VII Conde, prevista para o próximo mes de outubro, suporá unha acción promocional de gran relevancia para Monforte de Lemos e para a Ribeira Sacra, que viaxará máis aló das fronteiras do país.

Desta forma, o equipo de goberno monfortino, segue desen-

volvendo importantes accións promocionais, entre as que cabe destacar as levadas a cabo no último salón turístico internacional, Fitur, ou a que acollerá a etapa 19 da Volta Ciclista a España o próximo 3 de setembro.

O presidente de Correos tamén destacou que “el lenguaje universal de los sellos los convierten en el mejor escaparate para dar a conocer los atractivos turísticos que posee un lugar: su arte, sus monumentos, su gastronomía y su cultura”.

VII Conde de Lemos

O alcalde enxalzou na súa intervención a relevancia da figura do VII Conde de Lemos, que a fan merecedor do selo conmemorativo de Correos. A cidade de Monforte de Lemos, tivo e mantén o Condado de Lemos, sendo hoxe ostentado polo Duque de Alba, Don Carlos Juan Fitz-James Stuart e Martínez de Irujo. Os Condes de Lemos foron importantes protagonistas dentro da historia de Galicia e de España, e de entre eles destacou o VII Conde de Lemos.

Don Pedro Fernández de Castro, VII Conde de Lemos foi presidente do Consello de Indias, Vicerrei de Nápoles, Presidente do Consello Supremo de Italia, comendador da Orde de Alcántara, embaixador extraordinario en Roma e Correo Maior do Reino de Galicia. Destacou polas súas calidades como estadista, como intelectual e mecenas, consolidando a tradición na familia dos Castro, honrada



Juan Manuel Serrano e José Tomé Roca.

tamén polo seu tío o Cardeal Rodrigo de Castro. Foi unha persoa moi significativa a nivel nacional polo seu amor ás artes e ás letras, así como escritor e protector dun bo número de grandes escritores do Século de Ouro, como Lope de Veiga, Luís de Góngora y Argote (quen dedicou un fermoso soneto a Monforte de Lemos), Quevedo, Miguel de Cervantes (quen dedicou ao conde a segunda parte do Quijote) e os irmáns Argensola, entre outros, beneficiáronse do seu favor e protección.

A través de múltiples cartas, poemas e dedicatorias, é posible comprobar o aprecio que toda a elite intelectual sentía cara ao noso Conde. Estes escritos revelan unha forte amizade entre eles, que transcendía a pura relación entre mecenas e artista. De feito, o último escrito de Miguel de Cervantes, considerado como unha das páxinas máis belas da Literatura Española, asinado catro días antes de falecer, foi unha epístola dirixida a Don Pedro Fernández de Castro. E é que o Conde proporcionou un importante apoio económico a Cervantes, e esa relación de mecenazgo foi a que

axudou ao noso escritor máis internacional a poder dedicarse á creación literaria.

“En definitiva”, destacou o rexedor monfortino “Don Pedro Fernández de Castro, foi un gran mecenas da época dourada da literatura española e un protagonista de renome dentro da historia de España. Por iso, creo que a emisión do selo do VII Conde de Lemos por parte de Correos, está xustificada”.

Unhas palabras que compartiu o presidente de Correos, que destacou que o selo contribuirá “a dar a conocer hasta el último rincón, el legado de este estadista, intelectual y mecenas, preocupado por la justicia, el bienestar de sus vasallos y de los indios del Nuevo Mundo, que fue Don Pedro Fernández de Castro”.

O alcalde concluíu reiterando que “por todo iso, quero agradecer publicamente o compromiso do presidente de Correos, que foi sensible á solicitude do Concello e que, grazas ó seu compromiso, entre todos conseguimos o obxectivo de que un monfortino como o VII Conde de Lemos sexa protagonista dun selo de Correos”.

Monforte sinaliza a súa xudería coa colocación da placa oficial

José Tomé Roca, alcalde de Monforte, descubriu a placa que o Concello ven de instalar na fachada da Oficina municipal de Turismo, que indica a pertenza da cidade á Red de Juderías de España. Deste xeito, Monforte súmase ó resto de cidades da Red de Juderías, que procederon a instalar as súas correspondentes placas de bronce

personalizadas en lugares emblemáticos das súas cidades, co obxectivo de sinalizar a súa presenza como cidades integrantes desta Asociación.

O equipo de goberno decidiu instalar esta placa identificativa, que leva o logotipo da asociación e o nome da cidade do Cabe, nunha das rúas máis concorridas da cidade, a rúa Comercio, e con-

cretamente á entrada da Oficina Municipal de Turismo, co obxectivo de que os visitantes descubran e coñezan o pasado sefardí de Monforte.

O alcalde destaca que “poñemos en valor a pertenza de Monforte a unha Rede, a Rede de Juderías, que é símbolo de turismo cultural de calidade, no que o visitante pode coñecer a nosa his-



Descubrimento da placa na rúa Comercio.

toria xudía a través dunha experiencia inmersiva froito da labor de recuperación e promoción do

legado e da cultura sefardís que levamos a cabo os concellos que pertencemos a esta Rede”.

Monforte repara a pasarela peonil do Parque dos Condes

O Concello de Monforte iniciou as obras de reparación da pasarela peonil de madeira do Parque dos Condes, actuación englobada dentro do programa de mellora planificadas polo Equipo de Goberno para as infraestruturas da cidade. O alcalde sinala que “decidimos acometer esta obra de reparación da pasarela do Parque dos Condes debido ó estado de deterioro no que se atopaba e dado que se trata dunha pasarela moi transitada polos nosos cidadáns e visitantes. Deste xeito, a reforma suporá unha significativa mellora para os veciños e veciñas que disfrutaban das instalacións e servizos do Parque dos Condes.”

As actuacións de reparación teñen un orzamento de 6.805,22 euros e un prazo de execución de 1 mes, polo que durante o desenvolvemento dos traballos, a pasarela estará pechada para o tránsito dos viandantes. En concreto, as obras de mellora consisten na reparación dos elementos danados da estrutura de madeira laminada portante da pasarela, e no reforzo dos seus



As obras durarán un mes.

pontóns, aportando novo material nos puntos onde é necesario.

Tamén se levará a cabo a substitución da totalidade do pavimento de madeira maciza, mediante a colocación dun novo pavimento en madeira maciza de pino silvestre, con tratamento para exteriores. Tamén se reparará a varanda de madeira, coa apor-

tación de novo material onde sexa necesario.

A totalidade da madeira a instalar rexerase pola norma EN35072, que marca as condicións de durabilidade e impregnabilidade da mesma, e que inclúe un tratamento en autoclave para exteriores en profundidade para clase de uso 4, de acordo coa norma UNE-EN 335-2.

A Xunta promociona o Museo Galego do Ferrocarril en Monforte



Visitantes no museo.

A Xunta renova a colaboración para a promoción do Museo Galego do Ferrocarril, en Monforte de Lemos, mediante a achega dun investimento autonómico de 30.000 euros. A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, e o presidente da Fundación do Ferrocarril de Galicia e delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, selaron, vía telemática, o novo convenio de colaboración para a divulgación deste espazo que recolle un importante patrimonio industrial ferroviario.

Este convenio ten como principal obxectivo garantir o funcionamento do Museo Galego do Ferrocarril e o desenvolvemento das actividades de exhibición dos fondos materiais propiedade deste, a súa divulgación entre a sociedade e o fomento do transporte

ferroviario.

Trátase dun centro único na comunidade, e mesmo en España, debido ao estado de conservación do seu material ferroviario e á singularidade de moitas das pezas que alberga.

Con esta colaboración, a Xunta apoia a Fundación do Ferrocarril de Galicia nas actividades que desenvolve para a promoción deste museo como un espazo de ocio e aprendizaxe, en especial entre os máis cativos, para que coñezan a importancia do ferrocarril para o desenvolvemento de Monforte de Lemos e de Galicia.

Infraestruturas quere facilitar a divulgación do rico patrimonio que alberga o museo, ao tempo que tamén fomenta o uso do transporte público ferroviario e se suma como un elemento máis para potenciar turisticamente toda esta zona.



CONCELLO DE
MONFORTE
DE LEMOS

Deséxalles
feliz Día de Galicia

Monforte, capital da Ribeira Sacra



A Deputación patrocina La Vuelta ao seu paso pola provincia de Lugo aportando 60.000€

José Tomé Roca, presidente da Deputación de Lugo, acompañado do director de La Vuelta, Javier Guillén, mantivo un encontro organizado pola institución provincial cos alcaldes e representantes municipais dos 12 concellos lucenses polos que discorrerá o día 3 de setembro a etapa 19ª da cita deportiva co obxectivo de informalos da colaboración económica por importe de 60.000€ que fai a entidade e do impacto en termos económicos e de promoción que terá para a provincia.

Tomé subliñou que o obxectivo que motivou á Deputación para colaborar coa organización de La Vuelta para o seu paso pola provincia foi colaborar cos concellos “para sacar adiante todo tipo de iniciativas que favorezan o seu progreso social e económico”, neste caso, coa promoción do territorio a través do turismo.

Apostar por La Vuelta a España, destacou José Tomé, “supón un investimento en proxección internacional e en promoción turística dun valor, literalmente incalculable. Situada na elite do ciclismo mundial, co Giro de Italia e o Tour de Francia como compañeiras, esta cita é seguida por un público de máis de 400 millóns de persoas nuns 190 países. Os 60.000 euros que aporta a Deputación xeran así un grao de exposición mundial imposible de

alcanzar doutro modo”.

“Para unha provincia como Lugo, que acolle catro rutas diferentes do Camiño de Santiago; que conta con tres Reservas da Biosfera e con seis Patrimonios da Humanidade, aos que aspira incorporarse a Ribeira Sacra; e que entrou na Ruta Transrománica do Consello de Europa; estar presente nun acontecemento como La Vuelta resulta fundamental”, asegurou o Presidente, quen afirmou que estar presente nesta proba “é unha das mellores formas de levar ó plano internacional a nosa oferta turística, e a nosa aposta por un modelo de turismo de calidade, non masificado, sostible, de experiencias, e respectuoso co medio ambiente, tal e como demanda a sociedade neste escenario de saída da pandemia”.

Ademais do retorno que xera a medio prazo, en termos de turismo, José Tomé lembrou que a organización dunha proba complexa como esta, mobiliza a unhas 3.000 persoas, “o que contribúe, de xeito directo, a reactivar a actividade en sectores tan castigados pola crise como a hostalería, o turismo ou o comercio local”.

La Vuelta en datos

La Vuelta Ciclista a España é seguida anualmente en 190 países, que chegan a unha audiencia real de 400 millóns de espectadores. A meirande parte dos seguidores están localizados en países de

centroeuropa como Francia, Bélxica, Italia ou Noruega, entre outros, pero tamén están presentes en todo o arco americano, cunha grande audiencia en Colombia, e en Asia, con presenza en países como Xapón.

Características da etapa 19ª

A etapa de La Vuelta que recorre a provincia ten un percorrido de 187,8 quilómetros, 139 deles na provincia de Lugo, e está considerada de media montaña. Está previsto que sexa unha xornada chave ao ser unha das últimas etapas e tratarse dunha zona con grandes subidas e baixadas que permitirán crear claras oportunidades de fuga entre algúns ciclistas, a altura máxima que alcanzarán nesta xornada os ciclistas será de 927 metros. Dous días despois desta cita, o 5 de setembro, chega o final da competición en Santiago de Compostela cunha contra reloxo individual.

O presidente anunciou que está en contacto coa organización de La Vuelta para que a provincia de Lugo acolla tamén nun futuro o paso da proba feminina desta competición.

Á reunión, celebrada no salón de actos do Pazo de San Marcos, asistiron os deputados de Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, e de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera. Por parte dos concellos, participaron o alcalde de Bóveda, José



José Tomé e Javier Guillén, en rolda de prensa.



Alcaldes dos concellos lucenses polos que pasará La Vuelta 2021.

Manuel Arias López; o de Castroverde, Xosé María Arias; o de Fonsagrada, Carlos López López; o do Incio, Héctor Manuel Corujo González; o de Láncara, Darío Piñeiro López; o do Páramo, José Luís López López; o tenente de alcalde de Baleira, Miguel Angel

Fernández González; o concelleiro de Xuventude e Deportes de Lugo, Mauricio Repetto Morbán; a tenente de alcalde de Monforte, Gloria Prada Rodríguez; e o concelleiro de Deportes de Sarria, Félix Seijas Fernández.

Monforte adxudica a renovación de todo o alumado, zona urbana e rural

O Concello de Monforte adxudicou os proxectos de renovación da iluminación pública de todo o Concello, tanto na zona urbana como en todas as parroquias da zona rural. Este proxecto, gracias ó cal Monforte será o primeiro concello en renovar todo o seu alumado público con tecnoloxía Led, conta cunha inversión de 3.216.160,65 euros (IVE incluído).

As obras foron adxudicadas á UTE Construcciones y Montajes Eléctricos Santos Héctor, S.L.,-

SETGA, S.L.U. Na zona rural, o importe de adxudicación foi de 1.694.000 €, ive engadido, e na zona urbana foi de 1.452.000 €, ive engadido. “Estes dous proxectos supoñen sen dúbida a maior inversión de alumado público que se fixo nunca no Concello de Monforte”, resalta o alcalde, José Tomé Roca.

O prazo de execución, tanto na zona urbana como na rural, é de 12 meses dende a sinatura da acta de comprobación de replanteo. Unha vez asinados os correspondentes contratos entre o

alcalde e a UTE adxudicataria, está previsto o comezo das actuacións no mes de xullo. Desta forma, a través deste proxecto, serán colocadas 5.749 farolas novas de tecnoloxía Led e tamén serán renovados a totalidade dos cadros eléctricos, 195 unidades, que dan soporte ás luminarias de todo o Concello.

Para poder realizar esta inversión, o equipo de goberno municipal xestionou unha axuda co Ministerio para a Transición Ecolóxica, e a través do Instituto para la Diversificación y Ahorro

de la Energía, o Ministerio aportará o 80% do custe total deste importante proxecto de renovación e o 20% restante, será aportado polo Concello. O alcalde agradeceu o apoio amosado polo Ministerio para la Transición Ecolóxica neste importante proxecto e salientou que “Monforte rematará este mandato sendo o Concello mellor iluminado”.

Aforro e amortización

Actualmente, o custe do alumado público do concello é de 383.826,74 euros/ano, e co novo alumado o custe baixará ata os

100.214,38 euros, supoñendo un aforro de 283.612,36 euros/ano. Co aforro en custes que se vai producir cada ano, a inversión que aporta o Concello para este proxecto amortizarase en 2,5 anos, dado que o aforro anual chegará case os 284.000 euros.

“Con esta actuación”, subliña o alcalde, contribuímos a fomentar para o Concello unha economía baixa en carbono, coincidindo coa tendencia que marca a Unión Europea e España, axudando así a potenciar un desenvolvemento ecolóxico da nosa cidade”.